

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
REALIZADA O DÍA 2 DE MARZO DE 2015**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 2 de marzo de 2015.

HORA DE COMEZO: 20:10 h.

HORA DE REMATE: 20:50 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D. Bernardino Faro Lagoa, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos e D^a M^a Lucía Ledo Fernández.

AUSENTES: D^a Berta Pérez Hernández, D. Rafael Soliño Costas e D. José Luis Gestido Porto.

SUPLENTES: D. Jesús Manuel Graña Graña e D^a M^a Luisa Prieto Rial.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR
REALIZADA O DÍA 23 DE FEBREIRO DE 2015**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, deixar pendente de aprobación o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 23 de febreiro de 2015.

URBANISMO E VIVENDA

**2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 26 DE FEBREIRO
DE 2015, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS
DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberá selle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

MAIORES

EXPEDIENTE Nº 25.321.- A Daniel Francisco Rey Viqueira, para en Santa Baia 17 - Cangas, en solo urbano, regulado polo PEPRI, reformar a edificación existente en 18,74 m2 de planta baixa, 17,62 de primeiro andar, outros tantos de segundo andar e 1,80 de terrazas e ampliála en 13,97 de aproveitamento baixo cuberta e 5,90 de terrazas, de conformidade co proxecto do arquitecto David Villar Freire, visado con data 26 de novembro de 2.014 e reformado visado o 4 de febreiro de 2.015.

Autorízase a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas polo Decreto 29/2010 de 4 de marzo, en base o Informe da Arquitecta da Oficina de Rehabilitación, de data 13 de febreiro de 2.015 e a formalizar ante o Catastro a modificación que plantexa a presente licenza.

Non obstante deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispon: "En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocos da fiestras, balcóns ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que armonicen co da carpintería.

Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se. pode instalar capialzados exteriores para aloxar presianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradores só poderán levar ó interior perianas venecianas ou enrolables de materias moi lixeiros que non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración armonizará co do entramado da galería ou mirador, debendo evitarse a gama de cores primarios.

2.A.2) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUENTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 21.913.- LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR ANA ISABEL DACOSTA RIAL.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo Arquitecto Municipal, con data 18 de febreiro de 2015, acordou: a) outorgar LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION, a Ana Isabel Dacosta Rial, para vivenda, sita en San Cibran - Aldan, construída o abeiro da licenza municipal Nº 21.196. b) Asimesmo aprobase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

2.A.3) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

EXPEDIENTE Nº 25.365.- Visto o expediente de solicitude de licenza de parcelación urbanística que promoven Ramón Martínez Búa, J. Antonio López López, Manuel Perez Besteiro e J. Maria Rodriguez Mateo, e que consiste nunha división en dúas parcelas netas, nº 1 de 2.371, 56 m², que conta con tres edificacións sobre rasante adicadas a vivendas, que están en situación de fora de ordenación e nº 2 de 585, 96 m². e dúas parcelas de cesión ovieiro, nº 3 de 25,44 m² e nº 4 de 35,04 m², procedentes de unha finca matriz de 3.018,00 m², sita en Limens- Darbo, foi deixado sobre a mesa, pendente de mellor estudo.

2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

- a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.
- b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.
- c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

2.C) APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

EXPEDIENTE Nº 1.644.- LICENCIA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR CARFI S.C.- A Xunta de Goberno Local acordou conceder licenza municipal de apertura de establecemento adicado a comercio de moda, en Eduardo Vincenti 11 - Cangas, peticiónada por CARFI S.C., tendo en conta o informe de comprobación efectuado pola Arquitecta da Oficina de Rehabilitación de data 11 de febreiro de 2015.

Advertese que a licenza outorgada é de tracto continuo polo que en caso de sobrevir novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase á revisa-la licenza outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablece-la seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o Concello a carga de indemnización ningunha.

EXPEDIENTE Nº 1.37 9.- RENIUNCIA A LICENZA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR BEATRIZ MARTINEZ MADALENO.- A Xunta de Goberno Local acorda aceptar a renuncia á licenza municipal de apertura de establecemento adicado a bar- restaurante, sito en Benigno Soage 3 - Cangas, autorizada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 3 de febreiro de 2.010, por peche definitivo do mesmo.

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

OBRAS

EXPEDIENTE Nº 25.369.- GAS GALICIA SDG S.A., canalización en Espirito Santo - Gruncheiras - Trigas.

EXPEDIENTE Nº 25.379.- Avelino Refojos Fandiño, apertura de oco e colocación portal en Pancho Eiroa 2 - Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.380.- Rafael J. Portanet Cabello, reparación e mantemento pista de padel en Avda. Florida 2 - Balea - Darbo. EXPEDIENTE Nº 25.381.- Gilberto Martinez Costas, sustitución portal e reparación cerco en Lubrei 20 - Hio.

EXPEDIENTE Nº 25.283.- Miguel López Freire, cambio de fiestras, de tuberías e saneamento de baños en Paseo Maritimo 13 - Cangas.

ACTIVIDADES

EXPEDIENTE Nº 1.64 4.- ECOSAÚDE C.B., comercio productos dietéticos en Félix Soage 7 - Cangas.

4º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/ADXUDICACIÓN DA OBRA "URBANIZACIÓN DA RÚA NORIA EN CANGAS"

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 26.2.15, referente á adxudicación da obra "URBANIZACIÓN DA RÚA NORIA EN CANGAS", que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DA OBRA 'URBANIZACION DA RUA NORIA EN CANGAS'

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato de obra "Urbanización da Rúa Noria-Cangas".

Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación, órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil 'Construciones Vale, S.L.', con CIF nº B36024933, por resultar esta a oferta economicamente mais vantaxosa das achegadas.

Visto que esta empresa achegou en tempo e forma a documentación que se lle requiriu, relativa á xustificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que, así mesmo, constituíu garantía definitiva por importe de 5.623,28 € en forma aval bancario.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte, ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar á empresa 'Construciones Vale, S.L.', con CIF nº B36024933, o contrato de obra 'Urbanización da Rúa Noria-Cangas', por importe de CENTO TRINTA E SEIS MIL OITENTA E TRES EUROS CON CORENTA

E CATRO CÉNTIMOS (136.083,44 €) (21% de IVE incluído) coas seguintes especificacións da súa oferta:

- *Melloras ofertadas:*
 - *605,41 m2., de pavimento M.B.C. Tipo D-12 6 cm por importe de 10.848,95 €.*
 - *20 ud. de realce de tapas por importe de 3.100,00 €.*
 - *399,98 ml., de marca vial de 10 cm., por importe de 107,99 €.*
 - *50,00 m2., de pintura de vial por importe de 118,00 €.*

Aos importes indicados engadiráselle o IVE (21%).

- *Prazo de execución: 24 días naturais.*
- *Ampliación do prazo de garantía: 72 meses a maiores dos 12 que recolle o proxecto, polo que esta obra terá un prazo total de garantía de 84 meses.*

Segundo.- Dispoñer en contía de CENTO TRINTA E SEIS MIL OITENTA E TRES EUROS CON CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (136.083,44 €) o gasto que para este concello representa a devandita contratación, con cargo á aplicación 1532.639 do estado de gastos do vixente orzamento municipal.

Terceiro.- Notificar a 'Construciones Vale, S.L.', a adxudicación do contrato e citar ao seu representante para a sinatura deste.

Cuarto.- Nomear á arquitecta municipal dona María Isabel Medraño Fariña, directora facultativa da obra 'Urbanización da Rúa Noria-Cangas'.

Quinto.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto Refundido da LCSP, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Sexto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Subvencións e Apoio Xurídico, así como á directora de obra."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente á adxudicación da obra "URBANIZACIÓN DA RÚA NORIA EN CANGAS".

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

5º.- INFORME DO DEPARTAMENTO DE ESTATÍSTICA S/REVISIÓN ANUAL DE VEHÍCULOS DE SERVIZO PÚBLICO

INFORME DO DEPARTAMENTO DE ESTATÍSTICA ASUNTO: Revisión anual de vehículos de Servizo Público.

Rematada a revisión anual dos vehículos de servizo público destinados ao transporte de viaxeiros en auto-turismo (15, 17 e 18 de decembro de 2014), comprobada a documentación actualizada necesaria para a súa explotación, tras reiterar mediante notificación a abrigo de identificar os vehículos co número da licenza municipal, e finalizado o pagamento do padrón de autotaxis (15 de decembro de 2015), tanto en periodo voluntario como executivo, de tódolos conductores adicados a esta actividade, prestan servizo no Concello de Cangas as persoas e vehículos que se citan:

NOME E APELIDOS DNI LICENZA MATRICULA

JOAQUIN AUGUSTO MAGARIÑOS	35298703-M	3	0697-HHD
JOSE A. JORGE DEL RÍO	78739397-R	4	7237-FPJ
JULIO TRONCOSO BERNÁRDEZ	76803967-K	19	8668-HLF
FRANCISCO SUÁREZ GARCIA	78736358-K	21	4488-FMY
ÁLVARO PÉREZ ÁLVAREZ	78731714-T	22	2663-HDC
MANUEL COSTAS COSTAS	35275856-C	29	1256-DTM
JUAN C. VAQUEIRO DOBARRO	35311414-C	33	2437-DVR
JOSÉ M. DÍAZ CARBALLO	35295914-E	38	2023-GDF
SUSPENSION TEMPORAL UCENCIA		39	7172-FZP
JOSE MANUEL NOVAS MARTÍNEZ	35307277-T	43	7559-HLY
RICARDO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ	32335337-M	45	1016-FDV
MANUEL H. DOMÍNGUEZ RIVERA	35273801-N	46	5273-FRS

6º.- SOLICITUDE DE BEATRIZ CAMARERO FERNÁNDEZ S/AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA INSTALACIÓN DE ATRACCIÓN INFANTIL NA ESPLANADA DE OJEA

Este punto foi retirado da orde do día.

PERSOAL E PARTICIPACIÓN VECIÑAL

7º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE BASES PARA A SELECCIÓN DE 34 TRABALLADORES AO ABEIRO DO "PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS-2015"

Vistas as Bases reguladoras do Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais para o ano 2015 (BOP de Pontevedra do 02/01/2015) e en particular o contido do seu artigo 11 relativo aos requisitos e criterios para a selección dos traballadores que se contraten para realizar as obras e servizos.

Visto que a Deputación Provincial de Pontevedra, en sesión ordinaria do día 6/02/2015, aprobou entre outros, conceder a subvención solicitada para a contratación de 34 traballadorcs/as ao Conccillo de Cangas dentro do citado Plan, acordo do que se deu traslado a este Concello o 12/02/2015.

Visto que o citado acordo no seu punto dispositivo establece que "todos os contratos deberán iniciarse antes do 1 de abril de 2015, (...)" procede convocar o proceso selectivo sen demora sendo necesario avogar a competencia delegada por esta Alcaldía na Xunta de Goberno Local de data 16.06.2011 para aprobar as bases de selección, competencia que inicialmente corresponde a esta Alcaldía segundo o disposto na normativa en vigor, en particular o artigo 21.1.g da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local en relación co disposto nos artigos 13 e 14 da Lei 30/1992.

En consideración ao anteriormente exposto RESOLVO:

PRIMEIRO.- Avogar a competencia delegada a Xunta de Goberno Local en virtude da Resolución de 16.06.2011 para aprobar as bases de selección citadas.

SEGUNDO.- Aprobar as bases para a selección de 34 traballadores segundo acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 06/02/2015 ao abeiro do "Plan de conservación e funcionamento de bens e servicios municipais 2015" , bases que acompañan como anexo a presente resolución.

TERCEIRO.- Convocar as prazas mencionadas e ordenar que se sigan tódolos trámites ata que se proceda á contratación das persoas seleccionadas cumprindo co disposto no citado acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 06/02/2015.

CUARTO.- Que se dea conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local.

QUINTO.- Que se proceda a-publicación das bases de acordo co disposto nestas.

Así o dispoño, en Cangas, a vinte e cinco de febreiro de dous mil quince.

ANEXO

"BASES PARA A SELECCIÓN DE 34 TRABALLADORES SEGUNDO^ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE DATA 06/02/2015 AO ABEIRO DO PLAN CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVICIOS MUNICIPAIS 2015 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA,

PRIMEIRA.- OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN E SISTEMA DE SELECCIÓN

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de 34 traballadores para o servizo de conservación e funcionamento de bens e servizos do Concello de Cangas 2015 distribuídos do xeito que a continuación se pormenorizan:

DENOMINACIÓN SERVIZO N2 DE TRABALLADORES

Servizo de limpeza e mantemento de espazos públicos 16 peóns
Servizo de limpeza viaria 6 peóns
Servizo de apoio á brigada de obras do Concello 4 peóns albaneis 1 peón electricista 1 peón xardineiro 1 peón pintor
1 condutor con carné de conducir vehículos municipais, incluíndo tractor e máquina escavadora
Servizo de limpeza de edificios públicos 1 peón
Servizo de conserxería edificios públicos 2 conserxes
Servizo de apoio ao departamento de Turismo do Concello 1 técnico/a turismo (Técnico Superior en guía, información e asistencia turística)

Respecto ao réxime de contratación e retribucións ñas bases do Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais para o ano 2015 (BOP de Pontevedra do 02/01/2015), estableceuse que as mencionadas axudas ou subvencións irán destinadas a financiar o custo salarial subvencionable e a cotización á Seguridade Social, de persoas desempregadas máximo establecido por eles en 4.181,88 € (artigo 5 das bases) para un contrato laboral, a tempo parcial, de 25 horas semanais por un período de seis meses con destino á contratación de persoas desempregadas, non perceptoras de prestadoras ou perceptoras de prestacións sociais destinadas a garantir os recursos económicos mínimos de subsistencia (RISGA, RAI ou PREPARA), inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.

696,98 € (retribución+cota patronal) x 6 meses= 4.181,88 € por traballador.

Efectuada a selección dos traballadores/as, o Concello de Cangas procederá á súa contratación, utilizando a modalidade de contrato de duración determinada por obra ou servizo a tempo parcial (modelo 501).

O sistema de selección será o de oposición.

SEGUNDA.-CONDICIÓN DOS/AS ASPIRANTES

Para tomar parte nesta convocatoria e proceso de selección será necesario que os aspirantes reúnan as seguintes condicións:

- Ser cidadán español ou atoparse dentro do ámbito previsto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

- Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- Non padecer enfermidade nin defecto que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ao posto de traballo.
- Non se require titulación académica específica (DA 72 EBEP) excepto no caso do/a Técnico/a de Turismo que deberá estar en posesión da titulación de Técnico Superior en guía, información e asistencia turística.
- Non ter sido apartado mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- Non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade.
- Ser persoas desempregadas, non perceptoras de prestacións ou perceptoras de prestacións sociais destinadas a garantir os recursos económicos mínimos de subsistencia (RISGA, RAI ou PREPARA), inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean disponibles para o emprego, e ser remitidos por este servizo para participar neste proceso selectivo.
- Contar co permiso de conducir que habilite para o manexo da escavadora municipal para o posto de condutor.

Todos os requisitos sinalados no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes tanto no momento da selección como no da formalización do preceptivo contrato laboral.

TERCEIRA.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES

O Concello de Cangas solicitará os traballadores e traballadoras desempregados acordes ao perfil a seleccionar mediante presentación de oferta de emprego na oficina de emprego de Cangas en cumprimento do disposto no acordo de Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra.

Esta oficina realizará unha sondaxe de demandantes que cumpran as condicións anteriormente citadas aos que se lles comunicará a existencia desta oferta de emprego para que poidan concorrer a mesma.

O Concello de Cangas resérvase o dereito a solicitar sondaxes complementarias á oficina de emprego no caso de que non se acade un ratio mínimo de dous candidatos interesados por posto a seleccionar.

Os/as candidatos/as remitidos polos servizos públicos de emprego constituirán o listado de admitidos ao proceso selectivo debendo presentarse para a entrega das presentes bases e información sobre o desenvolvemento do proceso

selectivo o vindeiro 02/03/2015 ás 10 h da mañá no Salón de Plenos do Concello de Cangas.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lie recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado, dos cales poderá ser esixida xustificación documental en calquera momento anterior á formalización dos contratos. Igualmente en calquera momento anterior a realización do proceso de selección poderá excluírse a calquera aspirante da relación de admitidos de comprobarse que non reúne os requisitos establecidos na convocatoria

CUARTA.- DATA, HORA E LUGAR DE EXAME

Os aspirantes, na reunión na que se lie faga entrega das bases de acordo co establecido na base anterior, serán convocados para a realización das diferentes probas en función do posto para o que foron preseleccionados con indicación do día hora e lugar na que deberá estar presentes para a realización do chamamento e posterior realización dos exercicios da fase de oposición de cada categoría de acordo aos criterios de distribución que estableza o Tribunal.

QUINTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

Establécense dúas comisións de selección ou tribunais cualificadores para a selección dos aspirantes en función dos servizos que se recollen na base primeira, estes tribunais xulgarán as probas, garantindo e supervisando o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Cada tribunal estará composto por cinco membros. Non poderá constituírse sen a asistencia da metade máis un dos seus membros titulares ou suplentes.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida aos aspirantes á praza convocada, e terán voz e voto.

Estes deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando conorra neles algunha circunstancia provista no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

A composición efectiva dos tribunais (que se publica aos efectos de posibles recusacións) é a seguinte:

- COMISIÓN DE SELECCIÓN A. Tribunal de selección das prazas dos servizos de apoio á brigada de obras do Concello, conserxería de edificios públicos e apoio ao departamento de turismo do Concello.

PRESIDENTA: Alfonso J. Lage Pérez

SECRETARIA: Cristina Padín Martínez

Vocal 1ª: Ángeles Fernández López

Vocal 2ª: Carmen Gómez Cancela

Vocal 3ª: Luís Martínez Domínguez

- COMISIÓN DE SELECCIÓN B. Tribunal de selección das prazas do servizo de limpeza e mantemento de espazos públicos, limpeza viaria e limpeza de edificios públicos:

PRESIDENTA: Josefa Rial Mariño

SECRETARIO: Fabián Fernández Gómez

Vocal 1º; Antonio Fernández Paredes

Vocal 2º: José Benito Freire Argibay

Vocal 3º: Ángel Manuel Vidal Rajó

Cada Tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Cada Tribunal constituyase con antelación ao inicio da primeira proba da oposición que se establece nas presentes bases a convocatoria do seu presidente.

SEXTA - SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o de oposición.

SÉTIMA - FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

O Sistema de selección desenvolverase de acordo co seguinte esquema: PROBA DE OPOSICIÓN.

A proba da oposición consistirá na execución dun exercicio práctico e/ou a resposta a unha serie de preguntas que formulará o Tribunal relativos as técnicas de traballo, uso de pedios técnicos, ferramentas e/ou vehículos (no seu caso) propios dos diferentes tipos de posto en cada servizo.

Na selección do/a técnico/a de turismo se realizará un test escrito de 30 preguntas e 5 preguntas reserva que versará sobre patrimonio cultural e natural, recursos turísticos e festividades do Concello de Cangas nun tempo máximo de 40 minutos sendo seleccionada a persoa que acade a puntuación máxima. Neste caso o desempate resolverase en primeiro lugar atendendo ao resultado das respostas reserva, en segundo lugar tomaranse en consideración as respostas ás preguntas formuladas eliminando ao candidato que cometa o primeiro fallo segundo a orde na que estean formuladas, en terceiro lugar acudirase aos criterios que se sinalan na base oitava. Os/as aspirantes deberán vir provistos de bolígrafo para a realización do exercicio.

A puntuación máxima da proba de oposición será de 10 puntos, sendo necesario obter un 5 para non resultar eliminado do proceso selectivo.

Todos/as os/as candidatos/as que concorran á realización da proba, deberán ir provistos/as do seu DNI, pasaporte ou permiso de conducir. En caso de non presentar ningún destes documentos, non se lle permitirá a realización da proba.

Os/as aspirantes serán chamados/as para a realización das probas na data, hora e lugar indicados nun único chamamento. quedando excluídos/as do proceso os/as que non comparezan, O Tribunal en función dos aspirantes presentados distribuirá o inicio da realización das respectivas probas.

OITAVA.- DESIGNACIÓN DA PERSOA APROBADA

Rematado o proceso de selección o Tribunal calculará a cualificación final.

No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este desfarase mediante a aplicación dos criterios de preferencia establecidos no último parágrafo do artigo 11 das bases reguladoras antes citadas na redacción publicada no BOP de Pontevedra de 07/01/2015, en base aos datos proporcionados polo Servizo Público de Emprego, os que conté o Concello e, de ser preciso, a declaración xurada que deberán presentar os empatados, a requirimento dos membros do Tribunal. Estes criterios valoraranse pola orde que figuran no citado artigo ata desfacerse o empate e de persistir o empate procederáse a realización dunha serie de preguntas adicionais de carácter práctico relativos as técnicas de traballo e medios e ferramentas de traballo en cada servizo eos aspirantes empatados.

A continuación cada Tribunal fará público o resultado do proceso e elevará a súa proposta de contratación á Alcaldía.

O Concello de Cangas, dentro do prazo estipulado no acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de data 6 de febreiro de 2015 de concesión das axudas, procederá á contratación laboral temporal dos/as candidatos/as que obtiveran a maior puntuación en función do número do prazas ofertadas especificadas na convocatoria sen prexuízo de que as baixas e renuncias poidan ser cuberías por aqueles aspirantes que obtiveran unha puntuación final superior ao 50 % do total posible que serían chamados por orde de puntuación.

NOVENA.- PUBLICIDADE DAS BASES E DA CONVOCATORIA DESTAS

As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web dende o día seguinte a data da súa aprobación, co fin de posibilita-la presentación de reclamacións ou suxestións.

De presentarse reclamacións ás bases a selección demorarase ata a resolución desta. De ser aceptada ou aceptadas algunha das reclamacións ou suxestións formuladas. Contra a resolución que eslime uu desestime as reclamacións ás bases, non caberá recurso algún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poría fin o procedemento.

O taboleiro de anuncios da Casa do Concello será igualmente o medio para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

DÉCIMA.- INTERPRETACIÓN DAS BASES

As presentes bases vinculan á Administración Local convocante, ó Tribunal Cualificador e os aspirantes que participen no proceso.

O Tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolvelas dúbidas e incidencias que resulten da súa aplicación, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas con aqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.

UNDÉCIMA - NORMA FINAL

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Así mesmo a Administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme co previsto na mencionada Lei 30/1992 do 26 de novembro."

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

8º.- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

8.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías ós seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBXECTO
HPC IBÉRICA	AVAL	14.830,63 €	PARQUE INFANTIL DA ALAMEDA DO SEÑAL

9º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

9.A) DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA S/PROCEDIMENTO ABREVIADO Nº 130/2014

Dase conta de sentenza nº 7/2015 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra recaída no procedemento abreviado nº 130/2014, promovido por "CONSTRUCCIONES BARREIRO, B.S.L."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sentenza nº 7/2015 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra recaída no procedemento abreviado nº 130/2014, promovido por "CONSTRUCCIONES BARREIRO, B.S.L."

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo xunto coa sentenza referida aos departamentos de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) APROBACIÓN DO PROXECTO "CAMGAL" E REMISIÓN

Dase conta do Plan Local de Continxencias por Contaminación mariña Accidental do Concello de Cangas, elaborado ao abeiro do disposto no artigo 26 do Decreto 155/2012, do 5 de xullo, polo que se regula a estrutura e organización do Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia, que literalmente dí:

"Os concellos litorais da Comunidade Autónoma de Galicia remitirán á consellería competente na materia de loita contra a contaminación mariña accidental, un plan local que conteña os elementos exixidos no Plan Camgal. A elaboración, aprobación, implantación e funcionamento dos plans locais son responsabilidade da Administración local competente."

Visto que órgano competente para a aprobación do Plan CAMGAL é o Alcalde, pola competencia residual do artigo 21.1.s) da Lei 7/85, ao non estar atribuída a outro órgano. En todo caso o Alcalde, de conformidade co decreto de 16 de xuño de 2011, pode delegar na Xunta de Goberno Local todas aquelas cuestións puntuais da súa competencia, que desexe someter a estudo, consideración ou resolución do sinalado órgano colexiado.

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

* Aprobar o Plan Local de Continxencias por Contaminación mariña Accidental do Concello de Cangas e remitir o mesmo á Consellería do Medio Rural e Mar (Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia) en cumprimento do artigo 26 do Decreto 155/2012, do 5 de xullo, polo que se regula a estrutura e organización do Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental da Comunidade Autónoma de Galicia.

B) CORTES NA SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA NO DÍA DE HOXE (2.3.15)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

- 1.- Aposar o malestar do concello polos cortes na subministración de enerxía eléctrica o día 2.3.15.
- 2.- Pedir explicación por escrito e esixir explicacións aos afectados/as.
- 3.- Facilitar aos veciños/as a tramitación das reclamacións e as correspondentes indemnizacións a través da Oficina do Consumidor.
- 4.- Reclamar copia da auditoría térmica supostamente xa finalizada.
- 5.- Solicitar á Dirección Xeral de Industria o inicio do correspondentes expediente sancionador.

*****POÑER EN TÓDOLOS ACORDOS A SEGUINTE FRASE:*****

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace
o presidente